

A malvada Ciclope aterroriza todos os reinos veciños.

O día en que secuestra o príncipe do Reino do Sol,
Daniela e a súa tripulación decidirán ir salvalo.

Conseguirano?



Máis de
180.000
libros vendidos de
DANIELA PIRATA

Outras aventuras de Daniela Pirata



ISBN: 978-84-10074-26-2 www.nubeocho.com



9 788410 074262



DANIELA E A MALVADA CICLOPE




Susanna Isern & Gómez



DANIELA PIRATA E A MALVADA CICLOPE

SUSANNA ISERN
& GÓMEZ





é

É G A L I T É

Daniela Pirata e a malvada ciclope

Colección Egalité

© do texto: Susanna Isern, 2024

© das ilustracións: Gómez, 2024

© da edición: NubeOcho, 2024

© da tradución: Iria Carballo, 2024

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Idea orixinal de Susanna Isern e Luis Amavisca.

Título orixinal: *Daniela Pirata y la malvada cíclope*

Primeira edición: Xaneiro, 2024

ISBN: 978-84-10074-26-2

Depósito legal: M-511-2024


Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

DANIELA PIRATA E A MALVADA CICLOPE



SUSANNA ISERN
& GÓMEZ


nubeOCHO



Nunha recóndita illa vivía **A MALVADA CICLOPE**. Dicíase que era grande e forte coma unha montaña, que tiña un **TERRORÍFICO OLLO** no medio da fronte, unha **FAME NEGRA** e un carácter do demo.

Todos os habitantes das illas próximas tiñan **MOITO MEDO** da ciclope.



Nenas e nenos contaban **HISTORIAS TERRIBLES** daquela muller xigantesca.

Un día, o **PRÍNCIPE** do Reino do Sol falou co seu pai, o rei. Tomara unha decisión.



—Meu pai, vou ir buscar **A CICLOPE** e pedirlle que non volva facer dano a ninguén.

O príncipe reuniu a Garda Real e navegou cara a mar aberto.
Pero cando chegaron á illa e se dirixiron ao interior, a ciclope
SORPRENDEUNOS cruzando o bosque.

—Que sorpresa! Nunca comín un príncipe. Seguro que sabes
exquisito —dixo a ciclope—. Engordareite e **COMEREITE**
con lentellas.



A Garda Real conseguiu **ESCAPAR** e regresar ao Reino do Sol, onde contaron o sucedido.



A ciclope era **XIGANTESCA E MOI FORTE**. Quen podería combatela?

O rei decidiu enviar un **COMUNICADO** tanto dentro como fóra dos seus dominios.



Quen consiga rescatar
o príncipe da illa das mans
da malvada ciclope
recibirá como recompensa
as xoias da coroa.



DANIELA e a tripulación do **CAIMÁN NEGRO** estaban a xantar nunha tasca cando, de súpeto, viron aquela mensaxe pendurada na parede.

—O príncipe do Reino do Sol está en **PERIGO!** —exclamou a capitá Daniela.



—E ofrecen unha boa recompensa, pero din que a ciclope é **MOI PERIGOSA** —apuntou unha grumetiña.

—Iso tanto ten. **VENCERÉMOLA!** —contestou Daniela chea de razón.

O *Caimán Negro* partiu decontado para rescatar o príncipe. Polo camiño, topáronse con **BRUXAS, VIQUINGOS E ARQUEIRAS.**

Regresaban ás súas casas tras caeren derrotados pola malvada ciclope.

—É mellor non ir e dar a volta. A ciclope é **INVENCIBLE!** —advertíronlles.

Pero Daniela estaba tan decidida que nin nada nin ninguén conseguiu que mudase de idea.

